

Sección de Compuestos Orgánicos Volátiles (COV)

A Xunta de Galicia puxo en marcha dende a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas ferramentas avanzadas de información, tales como os rexistros electrónicos ao traveso da internet e a consulta de bases de datos de información ambiental.

O obxectivo último destes rexistros electrónicos oríentase a axilizar o intercambio de información e o procesado e depuración de datos de calidade contrastada, suministrar de xeito áxil a información validada ao público e establecer a base dun sistema de comparación e mellora entre as actividades establecidas en Galicia.

O rexistro Galego de Emisións (REGADE), Sección de COV, constitúe unha ferramenta estratéxica empregada como base das políticas e programas ambientais orientados ao fomento da mellora do comportamento ambiental das empresas.

Facilita o acceso do público aos datos de emisións de COV, permite facer un seguimento da evolución no tempo e en diferentes puntos do territorio destas emisións, así como comprobar o cumprimento dos requisitos legais e establecer as prioridades despois da avaliación dos progresos acadados na aplicación dos diferentes plans e programas tanto comunitarios como estatais e os da Comunidade Galega.

Isto supón un beneficio para todas as partes interesadas, tanto para as propias actividades rexistradas, como para o público, e por último para a Administración que ten a obriga de garantir un medio ambiente saudable e un desenvolvemento sostible.

Esta Sección de COV queda integrada no Rexistro Galego de Emisións (REGADE), do que xa forma parte a Sección E-PRTR, previsto no Regulamento 116/2006/CE, e no que tamén se integrarán outras Seccións que se están a desenvolver

Para máis información:

Subdirección Xeral de Tecnoloxía e Control Ambiental

San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono: 981 957 594 • Fax: 981 957 545

Web:
<http://medioambiente.xunta.es>

Correo electrónico:
tecnoloxia.control.ambiental.cma@xunta.es



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Secretaría Xeral de
Calidade e Avaliación Ambiental

Cofinanciado pola



Union Europea

Rexistro Galego de Emisións (REGADE)

Sección de Compuestos Orgánicos Volátiles

¿Qué son os COV e qué riscos teñen?

Os **Compuestos Orgánicos Volátiles** (denominados pola abreviatura COV) agrupan unha gran cantidade de compostos químicos. Por exemplo os hidrocarburos alifáticos; os aromáticos e os clorados; aldehidos; cetonas; éteres; ácidos e alcohois, que utilízanse en moitas aplicacións, tanto industriais como domésticas. Os COV encóntranse en moitos produtos cotidiáns, tales como combustibles, refrixerantes, disolventes, produtos de limpeza, desengraxantes, produtos de síntese,...

O uso de disolventes é a principal orixe das emisión de COV á atmosfera, producidos habitualmente pola industria en forma de gases que se poden xerar cando se empregan disolventes que os conteñen. Cando son liberados á atmosfera, estes COV emitidos poden ser nocivos para a saúde e producir importantes prexuízos aos recursos naturais. Por iso cómpre que as actividades emisoras adopten as medidas para evitar ou, cando isto non fose posible, reducir os efectos directos ou indirectos das emisións de COV tanto na saúde como no medio ambiente.

¿Cál é a súa regulación normativa?

A Unión Europea aprobou o 11 de marzo de 1999 a Directiva 1999/13/CE que ten como obxectivo previr e reducir os efectos nocivos que, para as persoas e o medio ambiente, poidan derivarse dalgunhas actividades que empregan nos seus procedementos de fabricación ou traballo disolventes orgánicos en cantidades importantes. Esta disposición foi trasposta ao ordenamento xurídico español por medio do Real Decreto 117/2003, de 31 de xaneiro, sobre limitación de emisións de COV debidas ao uso de disolventes en determinadas actividades.

Co obxecto de garantir unha calidade atmosférica acorde coas necesidades do medio, a normativa impón a unha serie de actividades que empreguen disolventes orgánicos a obriga de coñecer, controlar e reducir as súas emisións de COV.

Posteriormente publicouse o Real Decreto 227/2006, de 24 de febreiro, o cal traspón a Directiva 2004/42/CE, que ten por obxeto limitar o contido total de COV en determinadas pinturas e barnices, así como en produtos de renovación do acabado de vehículos; se aplica a produtos en lugar de a instalacións. O punto 12 do anexo I do Rd 177/2003, se modifica polo Real Decreto 227/2006.

¿Que instalacións están afectadas?

As instalacións afectadas polo Real Decreto 117/2003 son aquelas nas que se desenvolva algunha das actividades enumeradas no seu anexo I e ademais o fagan superando o umbral de consumo de disolvente establecido no seu anexo II.

Táboa 1
ACTIVIDADES AFECTADAS POLO Rd 117/2003

- | | |
|----|--|
| 1. | Recubrimiento con adhesivos. |
| 2. | Actividades de recubrimiento. |
| 3. | Recubrimiento de bobinas. |
| 4. | Limpeza en seco. |
| 5. | Fabricación de calzado. |
| 6. | Fabricación de recubrimientos, barnices, tintas e adhesivos. |

- | | |
|-----|---|
| 7. | Fabricación de produtos farmacéuticos. |
| 8. | Imprenta. |
| 9. | Conversión de caucho natural ou sintético. |
| 10. | Limpeza de superficies. |
| 11. | Extracción de aceite vexetal e de refinado de graxa e aceite vexetal. |
| 12. | Renovación do acabado de vehículos. |
| 13. | Recubrimiento de arame en bobinas. |
| 14. | Impregnación de fibras de madeira. |
| 15. | Laminación de madeira e plástico. |

Quedan exentas do ámbito desta normativa as empresas que non pertencen a estes sectores ou ben que, sendo dun dos sectores, non acaden as cantidades sinaladas, aínda que a Administración teña capacidade de impoñer a outras categorías de actividades obrigas específicas promulgadas por Lei. Unha instalación exenta que, como consecuencia de unha modificación sustancial quede incluída, considerárase unha nova instalación. As Autorizacións Ambientais Integradas (AAI) das instalacións afectadas pola Lei 16/2002 (IPPC), e que ademais encóntrense afectadas por este Real Decreto, deberán contemplar os valores límite de emisión (VLE) e os sistemas de redución de emisións, así como os demais requisitos do Real Decreto 117/2003. As instalacións incluídas no ámbito de aplicación deste Real Decreto e non estean afectadas pola Lei 16/2002 (IPPC) quedan sometidas a notificación e rexistro de COV.

Como titular ¿qué obrigas xerais teñen as instalacións afectadas?

Todas as instalacións teñen que cumprir co réxime xeral aplicable para a limitación de emisións de COV:

1. **Cumprir cos valores límite** de emisión (VLE), expresados como Carbono Orgánico Total, segundo as normas europeas UNE EN 12619 e UNE EN 13649 nos gases residuais, e cos valores de emisión difusa (e no seu caso de emisión total) establecidos no Anexo II do Rd 117/2003. O cumprimento dos valores límite debe acadarse sen engadir aire ou outros gases ás emisións con fins de dilución, non tomándose en consideración para os cálculos, agás que estea tecnicamente xustificado polo titular. A verificación do cumprimento destes valores límite levarase a cabo mediante algún de estes sistemas:

Control continuo: Se a carga máscica resultante do produto da concentración polo caudal é superior a 10 kg/h en media de Carbono Orgánico Total e a instalación precisa para cumprir os valores límite anteriores dun equipo de redución, o conduto debe ser obxecto de supervisión e control continuos (por medio dun analizador fixo instalado no conduto). Neste caso de control continuo considerárase que se cumpren os valores límite de emisión cando ningún valor medio de 24 horas supere os valores do Anexo II e ningunha das medias horarias supere os valores límite de emisión nun factor superior a 1,5.

Medicións periódicas: considerárase que cumpren cos valores límite de emisión se a media de 3 medidas que se realicen non supere tales valores límite e ningunha das 3 medidas de 1 hora supera os valores límite de emisión nun factor superior a 1,5.

Plan de xestión de disolventes dacordo o Anexo III do Real Decreto.

Os resultados destes controis poderán empregarse como base para outras declaracións de emisión (E-PRTR, cargas anuais, ...).

2. **Considerar** no seu proceso a aplicación das **Mellores Técnicas Dispoñibles (MTD)**, tal como están definidas no artigo 3 da Lei 16/2002, de 1 de xullo e prevención e control integrados da contaminación. Os titulares que poidan demostrar tal aplicación das MTD poderían ser 2. Considerar no seu proceso a aplicación das Mellores Técnicas Dispoñibles (MTD), tal como están definidas no artigo 3 da Lei 16/2002 (IPPC). Os titulares que poidan demostrar tal aplicación das MTD poderían ser dispensados do cumprimento dos valores límite de emisión difusa se non cabe esperar un risco significativo para a saúde humana ou o medio ambiente.
3. **Adoptar as precaucións** necesarias para reducir ao mínimo as emisións de COV durante as fases de posta en marcha ou parada das instalacións ou en funcionamentos anormais.

¿Qué tipo de emisións se deben considerar?

A normativa inclúe o control tanto das emisión canalizadas por condutos e chimeneas como as emisións fuxitivas contidas nos gases residuais dun proceso ou actividade, así como as emisións difusas contidas nos disolventes haloxenados ou non, recubrimentos, pegamentos, tintas, barnices ou similares que conteñan disolventes orgánicos.

¿Todos os COV teñen o mesmo risco?

Aínda que todos os COV son susceptibles de danar a saúde humana e prexudicar o entorno, existen unha serie de sustancias e preparados que poden emitir COV de especial risco. As instalacións que empreguen sustancias ou preparados que teñan asignadas pola normativa determinadas frases de risco (R40, R45, R46, R49, R60 e R61) como cancerixenas, mutaxénicas ou tóxicas para a reprodución, dispoñen dun réxime especial de emisións e a necesidade de substituílos na medida do posible por outras sustancias menos nocivas.

¿Cómo demostrar o cumprimento da lexislación de COV?
¿Con qué periodicidade e a quen?

Os titulares das actividades citadas teñen que facilitar anualmente ou cando o requira a administración ambiental, os datos de actividade e emisións esixidos no Rd 117/2003, para demostrar o seu cumprimento. A información dirixirase á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental. Para sistematizar e facilitar o subministro de información a Xunta de Galicia creou o Rexistro Galego de Emisións REGADE que inclúe unha sección adicada aos COV. Este rexistro está dispoñible telemáticamente na internet (<http://medioambiente.xunta.es>) para que todos os titulares poidan inscribir, consultar e rectificar os seus datos. Esta información facilitarase antes do 31 de marzo do ano natural seguinte ao de declaración.